

TEATRO
“AEROPLANOS”
LAGARTA, LAGARTA

O vindeiro venres día 15 de maio ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a terceira das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera .Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “AEROPLANOS” orixinal de Carlos Gorostiza a cargo da compañía teatral **LAGARTA, LAGARTA e baixo a dirección de Rosa Álvarez.**

Despois do éxito do programa denominado “Primavera Máxica” na que participaron catro dos mellores magos galegos tócalle o turno ao teatro un total de sete representacións das mellores compañías teatrais galegas como son Sarabela Teatro, Redrum Teatro, Lagarta, Lagarta ,Teatro Lope de Vigo , Sal Monela Teatro, Ancora Producións ou a Escola Municipal de Teatro de Culleredo ou entre outras, que pasaran por Culleredo dende o vindeiro venres ata finais do mes de xuño. Destacar a estrea absoluta da obra “Logomonos”, a cargo de Áncora Producións o vindeiro 19 de xuño, compañía que nos últimos anos está a acadar numerosos éxitos na escena teatral.

Son xa máis de 20 anos de programación teatral estable no Concello de Culleredo. Ao longo deste tempo foron numerosos os esforzos dedicados a poder conseguir consolidar unha oferta teatral regular. Pero a constancia e a perseveranza dan os seus froitos e hoxe Culleredo é un referente neste ámbito artístico: son máis de vinte as representacións teatrais que, entre as tempadas de primavera e outono, se ofrecen ao cada día máis numeroso público.

O vindeiro venres día 15 de maio ás 20,30 horas, contaremos coa representación da obra “Aeroplanos” a cargo de Lagrta, Lagarta.

A directora desta obra, Rosa Álvarez, indica sobre “Aeroplanos” que “estou convencida de que falar das relacións humanas en momentos coma estes nos vai permitir volver atopar o pracer de vivir e recuperar a través delas o amor, os

sentimentos, a alegría de vivir e algo desa moral e desa sinceridade que se foron perdendo noutras cousas, no convencemento de que vou estar rodeada do mellor equipo en saltos mortais sen rede.

Aeroplanos é unha comedia: de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles. É unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo.

Unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia, dunha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo”

Lagarta Lagarta S.L. é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria profesional en Galicia.

Se tivéssemos que definir Lagarta Lagarta en poucas palabras diríamos que é unha compañía de actores nacida co espírito de facer aqueles espectáculos e proxectos aos que moitos actores esperan e desexan enfrontarse, pero que, por diversas circunstancias, non se puideron levar a cabo no seu momento.

É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Este é un dos motivos polos que non conta cun cadro fixo de profesionais (directores, actores, deseñadores, etc.), senón que en cada caso, en cada produción, se buscan os máis idóneos.

Actores:

Ernesto Chao Pino
Ribadavia (Ourense) 1943

Popularizado no papel de Miro na exitosa teleserie “Pratos combinados” emitida pola TVG. É ante todo un actor de teatro cunha carreira ininterrompida desde 1969. Foi director do Centro Dramático Galego durante dúas temporadas (1986-87). Protagonizou o telefilme “Condenado a vivir” e ten traballado nunha ducia de producións cinematográficas desde 1985, o mesmo ano no que comeza a súa

carreira televisiva, ligada a TVE e especialmente á TVG. En TV participou nunha vintena de programas de formatos diversos, contando co papel do reitor na teleserie de Antena 3 "Aquí no hay quien viva".

Premios e recoñecementos: En 2002 mereceu o Premio Chano Piñeiro do Audiovisual Galego ó mellor actor protagonista polo papel do tetrapléxico Ramón Sampedro en "Condenado a vivir" (dir.Roberto Bodegas). Pola súa interpretación en "O Rei Lear", en 1991 foi finalista nos Premios Compostela de Teatro na categoría da mellor interpretación masculina protagonista. Este mesmo galardón gañaría en 1993 pola obra "Galileo, Galilei". En 2008 a Academia Galega do Audiovisual concedeulle o seu Premio de Honra.

FILMOGRAFÍA

-
- Os mortos van ás présas (2009)
 - Conexión (2009)
 - Sombras na noite (2008)
 - Efectos secundarios (2007)
 - En teoría (2006)
 - Trece badaladas (2002)
 - Días de voda (2002)
 - As loiras prefírenos cabaleiros (2002)
 - A verdade se non minto (2000)
 - Condenado a vivir (1999)
 - A noiva de medianoite (1997)
 - Pratos combinados (1995)
 - A lei da fronteira (1995)
 - A metade da vida (1994)
 - Urxa (1989)

Xosé Manuel Olveira Gallardo
Esteiro (Muros) 1955

Actor de teatro desde 1972, ten participado en máis de trinta obras de numerosas compañías (grupo Ditea, CDG, etc). As catro primeiras producións cinematográficas nas que participa están dirixidas por Chano Piñeiro,

abranguendo unha curta, unha mediametraxe e dúas longas. Participa nunha vintena de filmes a partir de mediados dos 80 aínda que é máis coñecido pola súa faceta humorística en programas como "O veciño do xoves" ou teleseries como "Pratos combinados", ambas da TVG. Tamén ten traballado en radio e en publicidade.

Premios e recoñecementos: Nos Premios Mestre Mateo 2008 da Academia Galega do Audiovisual (entregados en 2009) recibiu o galardón de mellor interpretación masculina de reparto por "Os mortos van ás présas".

FILMOGRAFÍA

- Os mortos van ás présas (2009)
- Cela 211 (2009)
- Padre Casares (2008)
- Sombras na noite (2008)
- O espello (2008)
- Romántica (2008)
- A noite que deixou de chover (2008)
- 18 comidas (2008)
- Retornos (2008)
- Air Galicia (2007)
- A canción de Fémerlin (2005)
- A vida que che espera (2004)
- Mar vermello (2004)
- A boa caligrafía (2004)
- Bobo Furcia (2002)
- A subela (2002)
- Entre bateas (2001)

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 3,50 € para público en xeral e 1,75 € para estudantes e maiores de 65 anos.

Culleredo, 11 de maio de 2009

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

